

## **BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE SOCORRISTAS**

---

### **1 Obxecto:**

Seleccionar, mediante proceso selectivo, a oito socorristas de praias para a participación no programa de "Servizo de Vixilancia de praias" que se realizará ao abeiro da subvención da Consellería de Traballo e benestar segundo recolle a orde do 30 de maio de 2014 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2014.

### **2 Modalidade e duración dos contratos:**

O modelo de contrato de traballo a utilizar será o de duración determinada de interese social, por obra ou servizo determinado.

A duración dos contratos será dun máximo de 2 mensualidades. O contrato será a xornada completa.

### **3 Requisitos mínimos:**

\*Estar en situación de desemprego e constar como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego.

\*Os requisitos xerais esixidos para poder participar nos procesos selectivos segundo o establecido no artigo 56 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) e demais normativa directamente aplicable.

\*Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas inherentes ao posto.

\*Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou en calquera dos supostos que contempla a Lei 7/2007 do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 89 do 13/04/2007).

\*Estar en posesión do Título/Certificado de Salvamento e Socorrista Acuático, de Salvamento Acuático e Primeiros Auxilios, ou calquera outra formación en materia de salvamento acuático, socorrismo e primeiros auxilios, baixo calquera das modalidades recoñecidas, expedido e/ou recoñecido por calquera das entidades competentes (Fundación IDISSA, Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia ou entidade equivalente).

\* Inscritos no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia.

### **4 Sistema de selección:**

Segundo establece o parágrafo 1º do artigo 10 da antedita orde, os traballadores e as traballadoras que se contraten para a realización das obras e servizos deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal.

A tal fin, no punto 3º da mesma orde establece a obrigatoriedade para as entidades beneficiarias de presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego nos modelos normalizados ao efecto.

**1ª FASE.- Proba práctica (terá carácter eliminatorio):**

- R.C.P. segundo protocolo actual: o resultado será APTO ou NON APTO (as persoas aspirantes que resulten non aptos non poderán continuar no proceso de selección).
- Natación e Socorrismo: puntuación máxima de 10 puntos. A proba versará sobre:
  - Entrada en auga sen perder de vista á persoa accidentada.
  - Nado de aproximación (25 m.), sen perder de vista á persoa accidentada.
  - Simulación de remolque (25 m.) á persoa accidentada inconsciente.

Esta proba puntuarase de 0 a 10 puntos; o mellor tempo marcará o 10 e a partires desa marca, cada 5 segundos de demora, restarase un punto.

**2ª FASE.- Concurso de méritos:**

- Experiencia laboral en socorrismo: 0,15 puntos por mes ata un máximo de 1,50 puntos.
- Cursos de socorrismo:..... 1,50 puntos
- Cursos relacionados cos primeiros auxilios ..... 1,50 puntos.
- Outros cursos relacionados co socorrismo..... 1,00 punto.
- Título de Patrón de Embarcacións de Recreo ..... 1,50 puntos.
- Coñecemento do Galego (*só se valorará o de maior puntuación*):
  - Iniciación ..... 0,25 puntos.
  - Perfeccionamento ..... 0,50 puntos.

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado será de 6 puntos.

**3ª FASE.- Proba escrita: ..... ata 6 puntos.**

Realización dunha proba escrita de coñecementos xerais sobre o posto a desempeñar.

**4ª FASE.- Entrevista persoal: ..... ata 2 puntos.**

A entrevista estará dirixida a valorar aptitudes, actitudes, habilidades, valores, coñecementos, etc., da persoa aspirante en relación co posto de traballo a cubrir e o obxecto do programa.

a) O apartado de experiencia valorarase coa presentación dos contratos de traballo e o Informe de vida laboral.

b) O apartado de formación valorarase coa presentación dos orixinais ou fotocopias compulsadas dos títulos ou certificacións dos méritos alegados.

**5 Selección dos candidatos:**

O Tribunal formado como prescribe o artigo 60 da Lei 7/2007 de 12 de abril, efectuará a selección conforme se describe no punto cuarto destas bases.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocadora, cando neles concorran circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando se dean calquera das citadas circunstancias.

O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, debendo estar presente, en todo caso, o/a presidente/a e o/a secretario/a ou quen legalmente os/as substitúa.

O tribunal, na súa actuación, axustarase ao establecido nas presentes bases; no non disposto seralle de aplicación á normativa prevista para a formación da vontade dos órganos colexiados, tanto na lei 30/1992 do 26 de novembro como na demais normativa de aplicación.

Rematado o proceso de selección o Tribunal relacionará os aspirantes en orde de maior a menor puntuación e proporá á lista obtida ó ao Sr. Alcalde para a realización das oportunas contratacións.

Unha vez se proceda á contratación dos aspirantes, requiriráselles para que previamente acheguen a documentación acreditativa dos requisitos sinalados nestas bases para acceder ao posto de traballo, presentarán declaración de non estar incurso en causas de incompatibilidade en relación ás tarefas a realizar, realizarán o preceptivo curso de prevención de riscos laborais, e acreditarán a súa condición de persoas desempregadas, perdendo os seus dereitos se así non o fixeran.

No caso de que a persoa aspirante non reunise os requisitos necesarios para a contratación poderá ser substituída pola seguinte da relación do proceso selectivo ata a finalización do que reste do programa de contratación, situación que tamén poderá suceder no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc. utilizando para iso a modalidade de contratación laboral apropiada para cada caso.

No caso de que se producisen empates, estes resolveranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación na fase de oposición.
- b) Maior puntuación nos demais apartados, pola orde en que estes aparezan na convocatoria.
- c) No caso de persistir o empate resolverase mediante sorteo público.

## **6 Chamamentos aos aspirantes:**

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción. Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concurrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente, sen prexuízo da entrega da comunicación escrita no momento da súa incorporación .

**7 Interpretación das bases:**

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso de selección en todo o non previsto nestas bases.

Rianxo, 7 de xullo de 2014

O alcalde



Adolfo Muñíos Sánchez